



ROGO PARA A LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO URGENTE DA RUELA DE CARAMONIÑA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ruela de Caramoniña, situada nas proximidades do Centro Galego de Arte Contemporánea, foi obxecto dunha profunda mellora entre 2014 e 2015 para habilitar o pronunciado desnivel que conforma a pasaxe peonil para conectar as rúas Valle Inclán e Touro e que serve, ao mesmo tempo, para acceder ás hortas municipais, ás instalacións do Centro Sociocultural e tamén ao parque de Bonaval, a través dun singular corredor.

As actuacións realizadas, ofrecen hoxe signos claros de abandono na súa limpeza e mantemento: as herbas e ortigas ocultan boa parte dos chanzos. Pero o peor é o estado das construcións ruinosas que se encontran nas marxes e que lindan cos terreos destinados a hortas municipais. No seu interior, ao que se pode acceder por ter forzado os valos e tapias colocados no seu día, acumúlanse gran cantidade de xiringas, envases de bebida e multitude de bolsas cheas de lixo e restos de todo tipo que constitúen unha ameaza para a saúde pública e un foco de contaminación que é preciso remediar canto antes.

A situación –sobre a que o noso Grupo se ten interesado nalgunha ocasión anterior- podería ter sido moi distinta se o Goberno municipal tivera afrontado, como complemento necesario das obras realizadas no pasado mandato, a recuperación ou consolidación destas construcións abandonadas, un proxecto que o propio Goberno incluíu nas programación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable cunha previsión de investimento de 60.000 euros para acometer ao longo do ano 2017.

Mentres se están a incumprir as previsións e non se acometen as actuacións de consolidación, a zona ofrece unha imaxe de deterioro progresiva, como se pode apreciar no anexo que se acompaña, razón pola que se presenta o seguinte rogo:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se proceda de maneira urxente a adoptar as medidas necesarias para limpar e acondicionar o tramo central da ruela de Caramoniña, para dotala de maior seguridade e evitar a súa progresiva degradación, mentres non se acomete a anunciada consolidación das ruínas existentes.

Santiago de Compostela, a 4 de outubro de 2018

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO

